



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 6 DE XUÑO DE 2013**

**LUGAR:** CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

**TIPO DE SESIÓN:** ORDINARIA      **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
Concelleira  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ  
Concelleiro  
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES  
Concelleira  
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO  
Concelleiro  
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO  
Concelleiro  
DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE  
Concelleira  
DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA  
Concelleiro  
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCÍONS

DNA. M<sup>a</sup> JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día seis de xuño de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesiós o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

## **ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

### **A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 2 DE MAIO DE 2013.

2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA RELATIVA Á TOMA EN CONSIDERACIÓN DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA, E INDICACIÓN DE A QUÉN LLE CORRESPONDE A COBERTURA DA VACANTE.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E CONTAS DE DATA 30 DE MAIO DE 2013, RELATIVO A SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS POR ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL, INTERESADA POR CIVIS GLOBAL, S.L.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DE DATA 30 DE MAIO DE 2013, RELATIVO Á ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE DATA 20 DE MAIO DE 2013, RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE MANTEMENTO E GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS E MANTEMENTO DOS XULGADOS DE PAZ.

### **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

6º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 1 DE ABRIL DE 2013, RELATIVO A SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

7º.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA N<sup>o</sup> 333/2013, DE 27 DE MARZO, RELATIVA Á APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2012.

8º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 27 DE MARZO DE 2013, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

9º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE ABRIL DE 2013, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

10º.-ROGOS E PREGUNTAS.

\*\*\*\*\*

*Sr. Alcalde.-Boa tarde a todos, benvidos á sesión ordinaria do Pleno correspondente ao mes de xuño.*

#### **A) PARTE RESOLUTORIA**

##### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 2 DE MAIO DE 2013.**

*Sr. Alcalde.- A orde do día desta sesión comeza co punto número un, que é aprobación da acta correspondente á sesión celebrada o 2 de maio do ano 2013, non sei se hai algunha alegación á acta, se non hai ningunha aprobámola por unanimidade.*

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 2 de maio de 2013.

Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

##### **2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA RELATIVA Á TOMA EN CONSIDERACIÓN DA RENUNCIA DO CONCELEIRO D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA, E INDICACIÓN DE A QUEN LLE CORRESPONDE A COBERTURA DA VACANTE.**

*Sr. Alcalde.-O punto número dous é a proposta da alcaldía presidencia relativa á toma en consideración da renuncia do concelleiro Don Manuel Paradela Abelleira e indicación de a quen lle corresponde a cobertura da vacante; este acordo tomouse no mesmo sentido que os acordos precedentes que se produciron nesta casa, polo tanto non sei se hai algunha intervención por parte do resto dos grupos, pois si non hai ningunha intervención, procedemos polo tanto á toma en consideración da renuncia que hai que, hai que votar, non? tomar en consideración, non, queda dada a toma en consideración por parte do Pleno. O terceiro punto é a aprobación, si procede, do dictamen da Comisión de Facenda e Contas relativo á solicitude de bonificación...*

*Sr. Magariños Maceiras do BNG.-...no mesmo punto a indicación de a quen lle corresponde a incorporación, non hai que dar conta de a quen lle corresponde ou non.*

*Sr. Alcalde.- Si, en principio está incorporado na proposta que é a seguinte persoa na, na orden na lista que é Mónica Magariños Covas, me parece...*

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a renuncia ó cargo de Concelleiro do PS de G-PSOE, D. Manuel Paradela Abelleira, mediante escrito presentado no Concello o pasado 2 de maio de 2013.

Vista a candidatura proclamada do PS de G.-PSOE nas últimas eleccións locais no Concello da Estrada e visto que na mesma a décima candidata é Dna. Mónica Magariños Cobas.

Vista a sesión constitutiva do Pleno da Corporación de 11 de xuño de 2011, na que tomaron posesión os 9 primeiros candidatos do PS de G-PSOE que resultaron elixidos nas eleccións locais.

Visto o preceptuado na Lei Orgánica 5/85, R.D. 2568/1986 e Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003.

**ACORDAMOS:**

1º.- Tomar en consideración a renuncia ao cargo de Concelleiro de D. Manuel Paradela Abelleira.

2º.- Sinalar que, a xuízo do Pleno do Concello da Estrada, corresponde cubrir a correspondente vacante a Dna. Mónica Magariños Cobas.

3º.- Remitir certificado deste acordo á Xunta Electoral Central con enderezo en Carrera de San Jerónimo 36 (28071 Madrid) aos efectos de que expida a credencial acreditativa da condición de electo a favor de Dna. Mónica Magariños Cobas, que segundo os datos obrantes neste Concello é a candidata que ocupa o posto nº 10 da lista electoral do PS de G.-PSOE nas eleccións locais do ano 2011, para cubrir a vacante producida.

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E CONTAS DE DATA 30 DE MAIO DE 2013, RELATIVO A SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS POR ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL, INTERESADA POR CIVIS GLOBAL, S.L.**

*Sr. Alcalde.-* O punto número tres, é a aprobación, si procede, do dictamen da Comisión de Facenda e Contas, de data 30 de maio de 2013, relativo á solicitude de bonificación no imposto sobre construcións, instalacións e obras por especial interese ou utilidade municipal, interesada por Civis Global. Ten a palabra o Sr. Alberto Blanco, Concelleiro de Facenda.

*Sr. Alberto Blanco do P.P.-* Boas noites, ben seguindo as consideracións que se reflexan no informe técnico do técnico de intervención sobre esta solicitude de bonificación, do 95% na obra de, no imposto do ICIO correspondente á obra de ampliación do Pérez Viondi, e ben, tanto por informes técnicos como consideración da comisión de Facenda, desestimase esta solicitude.

*Sr. Alcalde.-* Moi ben, algunha intervención? Pois procedemos polo tanto á votación do dictame da Comisión de Facenda e Contas relativo á solicitude de bonificación no imposto sobre construcións, instalacións e obras por especial interese ou utilidade municipal, interesada por Civis Global. Votos en contra? Abstencións? Votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o expediente da licenza urbanística nº 22/2012 outorgada á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a reforma e ampliación do CEIP "Pérez Viondi" consonte o Acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de febreiro de 2012, que deu lugar á liquidación provisoria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) por importe de 31.015,30 euros aprobada por Decreto da Alcaldía 209/2012 do 16 de marzo,

Vistos os escritos de datas 25 de xaneiro e 3 de abril de 2013, mediante os que CIVIS GLOBAL, S.L., adxudicataria das obras de mención, solicita o beneficio fiscal establecido nos artigos 103.2 a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 8.1 da ordenanza reguladora do ICIO alegando circunstancias sociais e

culturais xustificativas do especial interese ou utilidade municipal cuxa declaración é competencia do Pleno do Concello.

Tendo en conta o informe de Intervención no que o Técnico de Administración Xeral é concluínte ao respecto da improcedencia da dita declaración por non concorrer ningunha das circunstancias alegadas.

Vista a normativa de aplicación.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas de data 30-05-2013.

#### **ACORDAMOS:**

Desestímase a solicitude de bonificación no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras presentada por CIVIS GLOBAL, S.L. (con enderezo a efecto de notificacións e Estrada de Madrid nº 150 - 36318 Vigo), ao respecto das obras de reforma e ampliación do CEIP "Pérez Viondi" segundo a licenza nº 22/2012, por non concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen a declaración referida nos artigos 103.2 a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 8.1 da correspondente ordenanza fiscal.

#### **4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DE DATA 30 DE MAIO DE 2013, RELATIVO Á ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO.**

**Sr. Alcalde.**-Punto número cuarto, aprobación si procede do dictame da Comisión de Promoción Económica, de data 30 de maio de 2013, relativo á ordenanza reguladora do estacionamento do horario limitado. Ten a palabra o Concelleiro delegado de Industria Don Oscar Durán Barros.

**Sr. Oscar Durán Barros do P.P.**- Boas tardes a todos, e nada, traemos ao Pleno, a aprobación desta ordenanza, que creo que foi consensuada nas comisións e máis na mesa de comercio, modificouse según, según creo que todos estábamos dacordo i nada máis, simplemente é para dictarse á aprobación.

**Sr. Alcalde.**- Mui ben, algunha intervención? Ten a palabra a Sra. Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.**- Ben, e vamos a ver, estamos a falar dunha ordenanza para regular o estacionamento en horario limitado i para regular algunhas rúas como zona de aparcadoiro soamente para residentes. Estamos a falar de unha opción que se pode aceptar ou non, dunha opción que se pode plantexar ou non, no momento conveniente ou non. Nestos momentos todos somos conscientes de que na Estrada, fai falla, é unha carencia i que hai que poñer remedio á zona de estacionamento, que son necesarias máis prazas. Todos somos conscientes de que agora mesmo todo o mundo utiliza unha serie de prazas nesa rúa, pois para residentes, persoas que traballan nos comercios, persoas que veñen de afora, i que dende logo agora poñer este límite, poñer este estacionamento limitado, pode crearnos problemas por esa falla de zonas para estacionar libres. Dende logo os socialistas, atendemos esta ordenanza, participamos nas comisións, as leemos e incluso fixemos suxerencias á mesma, porque creemos que é de responsabilidade por parte do goberno que os temas do goberno valan o mellor posible para evitar problemas i evitar vulneracións xurídicas i poñer en dificultades ao Concello, xurídicamente; pero dende logo co que non estamos dacordo, i de ahí o noso voto, non estamos dacordo coa aplicación, agora mesmo, desta zona de horario de estacionamento limitado, porque como dicíamos é poñer un parche nunha rúa para crear máis problemas

noutras próximas, é trasladar o problema dunhas rúas a outras, aquelas persoas que aparcan ahí agora terán que desplazarse a outros lados a aparcar, comendo espacia nos outros lados, e trasladando novamente os problemas. É certo, é falta, como dicía ao comezo, falta de prazas, hai que poñerlle remedio e entón si pode estudiarse máis adiante, nos outros momentos, cando eso se consiga solucionar, esta opción. Porque si ben podería chegar a ser beneficiosa para os comercios, tamén discrimina a outros, igual que discrimina o estacionamento en certas rúas para veciños residentes fronte a outras. Estas discriminacións, xunto coa falta de claridade por parte do goberno municipal en canto aos criterios de distribución dos discos, fan que o Grupo Socialista da Estrada vote en contra desta proposta de zona limitada de estacionamento.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, ten a palabra o Señor Magariños.

**Sr. Magariños do B.N.G.-** Como ben dixo o Concelleiro delegado de Industria este foi un regulamento no que traballamos todos os grupos municipais, para a súa elaboración e que fose o mellor posible, pero tamén é certo que o BNG mantivo, ou fixo ver, nesta comisión que era un parche, porque adoce de falta de previsión de que vai a pasar no resto das rúas limítrofes ao centro, por exemplo que vai a pasar co resto da rúa de Castelao, que vai a pasar co resto de tramo da rúa Irida, que vai a pasar coa rúa 24, que vai a pasar coa Praza da Feira, que vai a pasar e... bueno con todas as rúas limítrofes a esta zona onde se vai a regular o aparcamento, a zona azul. Por que a onde van a ir aparcar, como ben dicía a portavoz do grupo Socialista, a onde van a ir aparcar os coches que habitualmente quedaban nestas rúas, nestas cinco rúas que se van a regular. Falta ese estudo de como vai asimilarse o resto das do viario da Vila este tráfico, hai capacidade? Hai sitio para aparcar? Está claro que non temos sitio no noso Concello de aparcamentos en superficie, parece que por fin temos o Plan Xeral aprobado, este sería o momento de empezar a facer unha das primeiras obras urxentes sería crear zonas de aparcamento en superficie que poderan absorber esta demanda que hai de certas zonas de aparcamento, sobre todo nos arredores do centro, que é, precisamente, onde está ubicado a maioría do comercio da Estrada, é o momento de facilitar que os veciños e veciñas da contorna da Vila e dos concellos limítrofes veñan mercar á nosa vila para xenerar economías, para xenerar economías de escala. Isto é un parche que non vai a solucionar o problema, vai a crear problemas noutras vilas e non hai máis que darse unha volta por rúa Gradín, rúa 24, Campo da Feira, avenida Benito Vigo, rúa Castelao, resto do tramo da rúa Irida, para ver que está completamente saturada a estas horas, co cual vamos atopar un problema en outras rúas que hasta agora non tiñan problema, vamos a topar cun serio problema de onde deixar os vehículos cando alguén veña facer unha compra na vila. Por eso, isto é un parche, hai que facer medidas máis alá, e un parche que bueno, é interesante, recoñecemos que pode ter o seu interese, pero noutro momento e cando estivera preparado todo para que absorbera esta variación que vai haber no tráfico da Estrada, por eso vamos a serguir mantendo o noso voto en contra como fixemos na comisión.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, bueno como ben saben vostedes o que sometemos a aprobación hoxe é o inicio do trámite da aprobación desta ordenanza que xa foi, iniciouse o seu camiño no trámite municipal coas correspondentes comisións informativas, saben que agora se publicará o anuncio no correspondente taboleiro de edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web, para que nun prazo de 30 días os veciños, os comerciantes e as persoas poidan formular as súas alegacións, creo que se pode desta maneira enriquecer o propio texto, intentar que sexa o máis efectivo

posible, i unha vez resoltas esas alegacións o que se fará será aprobalo definitivamente, polo tanto creo que deixemos transcurrir a propia ordenanza, eu creo que é un tema que, que se inicia a petición do propio sector comercial da Estrada i creo que é unha posible solución, sin deixar de contemplar outras, coincidindo co que comentaba o señor Magariños, que pode haber outras opcións i que se poden abrir outros escenarios, eu creo que esta é unha das que se poden empezar a traballar nelas i creo que ademáis, i así nos comprometemos a recoller a esencia daquelas alegacións ou aquelas propostas que se formulen nese período de exposición pública onde ademáis convidamos a todo o sector comercial i a todos os veciños a que poidan facer as súas aportacións para enriquecelo, non sei si hai algunha intervención a maiores, pero senón damos inicio ao trámite de información pública i o traeremos i o debatiremos tamén despois unha vez que vexamos cal é a resposta do sector comercial i dos propios veciños da Estrada. Así que votos en contra o punto número cuarto, que é esta ordenanza reguladora de estacionamento limitado. Abstencións? Non hai. Votos a favor? Apróbase por maioría.

Finalmente, adóptase, polos votos en contra do PsdeG-PSOE e BNG (9) e a favor dos do P.P (11), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica de data 29 de maio de 2013, en relación co asunto que se detalla de seguido.

Vista a necesidade de proceder a regular o tempo de estacionamento nalgunhas das rúas máis céntricas da vila, en aras de conseguir unha rotación de vehículos e dinamizar o entramado socioeconómico e comercial.

Vista a Ordenanza reguladora do Estacionamento de Horario Limitado, asinada con data 29-05-2013.

Visto o artigo 49 da Lei 7/85 no relativo á aprobación das Ordenanzas.

Vista a competencia do Pleno da Corporación, segundo o preceptuado no artigo 22.2.d) da Lei 7/85.

Vista a sesión celebrada pola Mesa Local de Comercio o día 14-05-2013.

Vistos os ditames da Comisión Informativa de Promoción Económica, adoptados en sesións do 23-04-2013, 28-05-2013 e 30-05-2013.

#### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Aprobar a ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO e que se transcribe a continuación:

### **"ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO"**

#### **ARTIGO 1.- Ámbito de aplicación.**

O ámbito de aplicación da Ordenanza estenderase a aquelas vías ou tramos das mesmas que se relacionan de seguido, denominado Zona Azul, durante o seu horario de funcionamento:

- Rúa Justo Martínez
- Rúa San Antón
- Rúa Castelao (delimitado no plano adxunto)
- Tramo Rúa Iryda (delimitado no plano adxunto)
- Rúa Manuel García Barros

Dentro desta zona crearanse prazas de aparcamento exclusivas para residentes, denominada Zona Verde.

O ámbito de aplicación da zona de residentes, denominado Zona Verde, fíxase nas:

- Rúa San Antón
- Tramo Rúa Iryda (delimitado no plano adxunto)
- Rúa Manuel García Barros

Os residentes deberán acreditar a súa condición mediante unha tarxeta que será expedida polo Concello, previa acreditación de residencia.

Nos espazos reservados a residentes poderán aparcar unicamente as persoas que acrediten a súa residencia en:

- Rúa San Antón (residentes na Rúa San Antón)
- Tramo Rúa Iryda (delimitado no plano adxunto). Neste tramo poderán aparcar tanto os residentes da Rúa Iryda, así como os residentes da Rúa Justo Martínez e da Rúa Castelao (segundo plano adxunto)
- Rúa Manuel García Barros (residentes na Rúa Manuel García Barros).

O propietario ou condutor de todo vehículo estacionado nas zonas para residentes colocará a tarxeta acreditativa nun lugar visible dentro do vehículo.

Delimitaranse as prazas de estacionamento correspondentes na zona azul e na zona verde.

#### **ARTIGO 2.- Conceptos previos.**

1.- A Zona Azul comprende a superficie do termo municipal sinalada no epígrafe anterior e o seu réxime de estacionamento queda sometido ás normas desta Ordenanza.

2.- Dentro da Zona Azul e durante o seu funcionamento, non hai libre aparcamento, senón que todos os espazos están suxeitos ao réxime de estacionamento limitado, salvo que estea reservado ou prohibido expresamente; neste caso estarán sometidos ao réxime xeral de prohibición.

Dentro da Zona Verde permíttirase o libre aparcamento para os residentes autorizados.

#### **ARTIGO 3.- Competencias.**

Corresponde ao Pleno a fixación e modificación do perímetro da Zona Azul e da zona de residentes.

#### **ARTIGO 4.- Funcionamento da Zona Azul.**

##### **Artigo 4.1.- Sinalización vertical e horizontal.**

1.- Sinalización vertical da zona Azul.

a) Todas as entradas e saídas estarán indicadas mediante sinais verticais e específicas de comezo e fin da Zona Azul.

b) O formato dos sinais verticais mencionados no apartado anterior será o establecido no Anexo da presente Ordenanza.

En canto a sinalización horizontal, os espazos estarán delimitados mediante liñas descontinuas de cor azul.

##### **Artigo 4.2.- Disco de Control.**

Dentro da zona azul o condutor, ao estacionar, ten a obriga de colocar o disco de control no salpintero dianteiro do seu vehículo, no lado máis próximo á beirarrúa, ou calquera outro medio indicador que permita comprobar a hora de chegada.

O disco de control consiste nunha pequena roda de 11 x 11 cm, aproximadamente, onde na ventá da esquerda deberá figurar a hora de chegada que fixará o condutor ao xiralo disco e,



automaticamente, aparecerá na ventá da dereita a hora límite á que ten que abandonar o lugar, de acordo coa franxa horaria establecida na presente Ordenanza.

## **ARTIGO 5.- Funcionamento da Zona Verde**

### **Artigo 5.1.- Sinalización vertical e horizontal.**

1.- Sinalización vertical da zona Verde.

a) Todas as entradas e saídas estarán indicadas mediante sinais verticais e específicas de comezo e fin da Zona Verde.

b) O formato dos sinais verticais mencionados no apartado anterior será o establecido no Anexo da presente Ordenanza.

En canto a sinalización horizontal, os espazos estarán delimitados mediante liñas descontinuas de cor verde.

### **Artigo 5.2.- Tarxeta de residente.**

Dentro da zona verde o condutor, ao estacionar, ten a obriga de colocar a tarxeta de residente no salpicadero dianteiro do seu vehículo, no lado máis próximo á beirarrúa.

A tarxeta de residente solicitarase no Concello, xuntando volante de empradramento. Na mesma figurará a matrícula do vehículo autorizado, tendo validez unicamente para éste.

## **ARTIGO 6.- Horario e datas de estacionamento.**

O horario de limitación comprenderá de 9.00 a 20.00 horas (os sábados ata as 14:00 horas). Agás os domingos, festivos e a tarde dos sábados, que non haberá limitación.

<b>Hora de chegada</b>	<b>Hora de saída</b>
Despois das 19.00 horas Antes das 09.00 horas	10.00 horas
Entre as 09.00 e as 9.30 horas	10.30 horas
Entre as 09.30 e as 10.00 horas	11.00 horas
Entre as 10.00 e as 10.30 horas	11.30 horas
Entre as 10.30 e as 11.00 horas	12.00 horas
Entre as 11.00 e as 11.30 horas	12.30 horas
Entre as 11.30 e as 12.00 horas	13.00 horas
Entre as 12.00 e as 12.30 horas	13.30 horas
Entre as 12.30 e as 15.30 horas	16.30 horas
Entre as 15.30 e as 16.00 horas	17.00 horas
Entre as 16.00 e as 16.30 horas	17.30 horas
Entre as 16.30 e as 17.00 horas	18.00 horas
Entre as 17.00 e as 17.30 horas	18.30 horas
Entre as 17.30 e as 18.00 horas	19.00 horas
Entre as 18.00 e as 18.30 horas	19.30 horas
Entre as 18.30 e as 19.00 horas	20.00 horas

Na zona Verde só poderán estacionar os residentes, sen limitación de horario.

## **ARTIGO 7.- Estacionamento non permitidos na Zona Azul.**

Non poderán estacionar na Zona Azul nin na Zona Verde os vehículos de PMA superior a 3.500 kg, salvo autorización expresa.

#### **ARTIGO 8.- Vehículos exentos de limitación na Zona Azul.**

Están exentos das limitacións de estacionamento de Zona Azul.

1.- Os vehículos que dispoñan de título habilitante especial outorgado polo Concello, en atencións a circunstancias tales como servizos asistenciais, servizos de emerxencia, seguridade cidadá, etc.

2.- Aqueles vehículos que tiveran Licenza Municipal para actividades específicas de ocupación de vía pública (aparatos elevadores, guindastres, etc.).

3.- Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

4.- Os vehículos de representación diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Así mesmo, os vehículos de Organismos Internacionais con sede u oficina en España e de seus funcionarios con estatuto diplomático.

#### **ARTIGO 9.- Infraccións e procedemento Sancionador.**

##### **Artigo 9.1.- Infraccións.**

Considéranse Infraccións á Ordenanza:

a) Estacionar en zona limitada e sobrepasar o tempo máximo autorizado reflectido no disco de control.

b) Estacionar en zona limitada sen ter colocado no vehículo o disco de control, ou elemento que o substitúa á vista.

c) Estacionar en zona limitada e ter o disco de control, ou elemento que o substitúa colocado de forma non lexible.

d) Estacionar en zona limitada e modificar o horario no disco de control ou elemento que o substitúa, un horario distinto ao de chegada.

e) Estacionar en zona limitada e modificar o horario no disco de control, ou elemento que o substitúa sen retirar o vehículo a máis de 250 m do lugar de chegada.

f) Estacionar en Zona Verde sen colocar a tarxeta de residente á vista do vehículo.

g) Estacionar un vehículo en Zona Verde con tarxeta de residente que non corresponda ao vehículo autorizado.

##### **Artigo 9.2.- Procedemento Sancionador**

Sen prexuízo das particularidades que, no seu caso, puideran establecerse nunha futura Ordenanza Xeral de Circulación, o procedemento sancionador aplicable será o previsto no RE 320/1994, polo que se aproba o Regulamento do procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

#### **ARTIGO 10.- Cadro de Infraccións e multas.**

Establécese o seguinte cadro de infraccións e multas.

Infracción	Feito denunciado	Multa
LEVE	Estacionar en Zona Azul sen ter colocado no vehículo o disco de control ou medio que o substitúa, á vista segundo a presente Ordenanza	80,00 €
LEVE	Estacionar en Zona Azul e sobrepasar o tempo máximo autorizado reflectido no disco de control ou elemento que o substitúa	60,00 €
LEVE	Estacionar en Zona Azul e ter o disco de control, ou elemento que o substitúa, non colocado conforme á presente Ordenanza	60,00 €
LEVE	Estacionar en Zona Azul e marcar no disco de control, ou elemento que o substitúa, un horario distinto ao de chegada.	60,00 €
LEVE	Estacionar en Zona Azul e modificar o horario no disco de control ou elemento que o substitúa, sen retirar o vehículo a máis de 250 m do lugar de chegada	80,00 €
LEVE	Estacionar en Zona Verde sen ter colocado no vehículo á vista a tarxeta de residente segundo a presente Ordenanza ou estacionar un vehículo en zona verde con tarxeta de residente que non corresponda ao vehículo autorizado.	80,00 €

...”

**Segundo.-** Publicar o anuncio do correspondente Acordo no Taboleiro de Editos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal, aos efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 30 días, a contar a partires do seguinte á publicación do Anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.-** Tralo preceptivo trámite de información pública e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado, procedéndose a publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro da Ordenanza.

**5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE DATA 20 DE MAIO DE 2013, RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE MANTEMENTO E GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS E MANTEMENTO DOS XULGADOS DE PAZ.**

**Sr. Alcalde.-** O seguinte punto, punto número cinco, é a aprobación, se procede, do dictame da comisión de Organización Persoal e Asuntos Xerais, de data 20 de maio, relativo á moción do Grupo Municipal Socialista sobre mantemento e gratuidade dos Rexistros Civís e mantemento dos Xulgados de Paz. Ao ser unha moción do Grupo Socialista ten a palabra a Sra. Belén Louzao para a súa defensa.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Gracias, señor Alcalde. Efectivamente presentamos esta moción l unha vez máis conseguíuse a unanimidade nas comisións, nesta comisión, algo que a veces a pesar de traballar todos polo interés dos veciños non se consegue porque ás veces nin siquiera se tratan, pero neste caso todos coincidimos i conseguíuse a unanimidade. Foi presentada esta moción, i así o fixemos saber xa en varias ocasións, porque consideramos que a

reforma que se plantexa por parte do ministro Gallardón i por parte do Goberno do señor Rajoy, unha vez máis en materia de xusticia, o que fai é perxudicar aos veciños, afasta a xustiza dos veciños e das veciñas. Neste caso concreto, estámonos a referir ao Rexistro Civil, e a proposta do Partido Popular é sacar a gratuidade do Rexistro Civil e afastalos da Estrada, da cabeceira da Comarca. Este servizo é un servizo obrigado, todos temos obrigación de inscribir nacementos, defuncións, entre outros asuntos, i polo tanto é un servizo de utilización frecuente por parte da cidadanía; cidadanía que de non contar con este servizo de Rexistro Civil na Estrada debería desprazarse, co consiguiente gasto, i ademáis xa non só iso senón que vería perxudicado en canto á, ao razoable tempo no que se prestan estes servizos i polo tanto tamén máis perxuízo por ese afastamento. Como dicíamos entendemos que esta reforma plantexada polo Partido Popular é un erro, que os Rexistros Civís se deben de manter i tamén que se deben de manter os Xulgados de Paz, porque na nosa Comarca, si o Partido Xudicial, a cabeceira de Comarca é A Estrada, o resto dos membros contan, do Partido Xudicial, contan con Xulgados de Paz, xulgados que realizan unhas funcións en canto ao auxilio xudicial moi importante i que polo tanto a súa desaparición perxudicaría tamén a estes veciños. Por iso, dende o grupo Socialista presentamos esta moción na que se pide expresar o total rexeitamento ao borrador do anteproxecto de Lei de Reforma plantexado polo Partido Popular, i que se manteñan os Xulgados de Paz, que se garanta a gratuidade e que se manteñan os Rexistros Civís i que se de traslado por tanto destes acordos á Xunta i ao Goberno do Estado. Como dicíamos, e non podemos máis que dar os parabéns á Corporación por haber chegado a este acordo que cremos que beneficia, e moito, aos veciños da Estrada, que é a continuidade do Rexistro Civil. Moitas gracias.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias señora Louzao. Ten a palabra o señor Magariños.

**Sr. Magariños do BNG.-** Antes de pasar á miña intervención, era unha mera cuestión de forma, eu nesa comisión presentaba tamén unha moción, bueno que entrara por rexistro o 29 de abril, pero que non se levara, non sei por que non se tratou nesa comisión, pero bueno alí acordamos porque era máis ou menos, era argumentario conxunto, facer unha moción conxunta, non sei si tería que figurar no punto do orde do día o tratamento das dúas mocións... bueno tampouco temos problema en sumarnos, o argumentario era moi similar vamos, era simplemente esa cuestión.

**Sr. Alcalde.-** Non sei cal foi o asunto tratado na Comisión, o que si aparece dictaminado na propia comisión informativa é a moción do, do Partido Socialista...

**Sr. Alberto Blanco do P.P.-** Sí, tratouse en conxunto.

**Sr. Alcalde.-** ...si lle parece ten a palabra o Sr. Alberto Blanco i o debaten i non hai ningún problema en chegar ao acordo.

**Sr. Alberto Blanco do P.P.-** No, simplemente para confirmar a versión que está dando o señor Magariños, que si había unha moción presentada por el e así se falou na comisión, e pola nosa parte ningún problema en que se considere que a moción foi presentada polos dous grupos da oposición, ningún problema.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois si lles parece, debatimos ou analizamos i pasamos ao turno de intervencións sobre a moción conxunta ditaminada de forma conxunta na comisión informativa

relacionada aos Rexistros Civís e mantemento dos Xulgados de Paz, non sei si quere a palabra o señor Magariños para intervir.

**Sr. Magariños do BNG.-** Como xa dixen na comisión a redacción era moi similar, osea non temos problemas en asumir a redacción que presentou o Grupo Socialista, simplemente era eso, si tería que figurar como unha cuestión de forma que se presentou as dúas para nada máis...

**Sr. Alcalde.-** Se lle parece pasamos ao fondo da cuestión, e procedemos ao debate.

**Sr.- Magariños do BNG.-** ...si, non simplemente redundar un pouquiño no que, no que falaba a portavoz do Grupo Socialista, estamos ante unha reforma que o único que vai é a perxudicar aos cidadáns, suprimir Xulgados, bueno Xulgado de Paz no noso Concello si que non afecta moito, pero si os Rexistros Civís, afecta moitísimo. Entón o que temos é que facilitarlle a vida aos cidadáns, non cada día complicarlle un puco máis, e suprimir estes Rexistros Civís, aparte de complicarlle a vida ao cidadán, porque se terá que desplazar a outros sitios para facer trámites, van a ter que pagar por algo que ata o de agora non se pagaba. E entón, parecenos lóxico e normal instar ao Goberno do Estado a que retire canto antes este proxecto que pretende, como xa dixen antes, empeorar a calidade de vida dos cidadáns e complicarlle a súa vida.

**Sr. Alcalde.-** Mui ben señor Magariños, ten a palabra o señor Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do P.P.-** Ben, nada máis que añadir, simplemente alegrarnos de que unha vez máis exista consenso en todo aquilo que sea en defender os dereitos e servicios sobre todo a proximidade dos nosos cidadáns.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois debatido o asunto, procedemos a votar. Votos en contra? Abstencións? Votos a favor? Apróbese por unanimidade este punto número cinco.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada con data 08-05-2013 (R.E. 5080) polo grupo municipal socialista, relativa ao mantemento e gratuidade dos Rexistros Civís e mantemento dos Xulgados de Paz.

Visto o Ditame da Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais de data 20-05-2013.

**ACORDAMOS:**

**1º.-** Expresar o total rexeitamento ao borrador de Anteprojecto de Lei de Reforma da LOPX e do Rexistro Civil.

**2º.-** Instar ao goberno da Xunta de Galicia para que solicite do Goberno de España:

- Que se manteñan os Xulgados de Paz.
- Que se doten a estes Xulgados dos medios adecuados e da profesionalización dos seus traballadores e traballadoras.
- Se garante a gratuidade das funcións que prestar os Rexistros Civís.

**3º.-** Dar traslado deste Acordo ao Goberno da Xunta de Galicia e ao Goberno de España.

**Sr. Alcalde.**-Antes de pasar á parte de control da xestión, non sei se algunha moción de urxencia por parte dos grupos políticos. Se non hai ningunha moción de urxencia pasamos polo tanto á parte control da xestión.

## B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

### 6º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 1 DE ABRIL DE 2013, RELATIVO A SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

**Sr. Alcalde.**-O punto número seis é a dación de conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión do un de abril, relativo á solicitude da Conselleira de Traballo e Benestar da transferencia finalista para o financiamento dos servizos sociais comunitarios de titularidad municipal.

Dáse conta do Acordo adoptado fóra da Orde do Día pola Xunta de Goberno Local en sesión do 1 de abril de 2013, e que se transcribe de seguido:

**“B)** Vista a proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social de data 12-03-13, relativa á solicitude de transferencia finalista para o financiamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal á Consellería de Traballo e Benestar.

Visto o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 63 de 30-03-13.

Vista a proposta da responsable técnica do departamento municipal de Servizos Sociais, asinada con data 12-03-13, así como da documentación que se xunta á mesma.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal, asinada con data 22-03-13.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

**1º.-** Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, a transferencia finalista para o financiamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 63 de 30-03-2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

**2º.-** Declarar que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste Anexo V, é de 613.851,00 euros, co seguinte detalle:

Persoal.....	102.107,00 €
Mantemento.....	800,00 €

Axuda no fogar:

Modalidade de prestación básica do Plan Concertado....	46.400,00 €
Modalidade para persoas valoradas como dependentes....	344.544,00 €
Xestión de Programas.....	120.000,00 €

**3º.-** Declarar que o Acordo inclúe a declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse nas

mesmas condicións que no ano anterior.

4º.- Comprometerse a cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2013, na contía de 712.868,64 euros, que supón unha porcentaxe do 53,73% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

5º.- Dar conta ao Pleno da Corporación do contido da solicitude."

O Corporación en Pleno queda sabedora.

**7º.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 333/2013, DE 27 DE MARZO, RELATIVA Á APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2012.**

**Sr. Alcalde.**-O punto número sete é a dación de conta da Resolución da Alcaldía número 333/2013, de 27 de marzo, relativa á aprobación da liquidación do orzamento municipal 2012.

Dáse conta ao Pleno da Resolución da Alcaldía número 333/2013, de 27 de marzo, e que se transcribe de seguido:

"No uso das facultades que me confire o artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo), e a Base 37ª das Bases de Execución do orzamento, e visto o informe emitido pola Intervención Municipal de 22 de marzo de 2013, e axustada a súa obtención ó establecido pola normativa citada e polo RD 500/1990 **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a Liquidación do orzamento municipal 2012, cuxo resultado orzamentario axustado é o seguinte:

1. Dereitos Recoñecidos Netos.	11.731.758,97.-
2. Obrigas Recoñecidas Netas.	11.626.878,97.-
3. Resultado Orzamentario (1-2).	104.880,00.-
4. Desviacións Positivas. (-)	808.795,37.-
5. Desviacións Negativas. (+)	673.522,47.-
6. Gastos financiados con Remanente de Tesourería. (+)	799.765,94.-
7. Resultado Orzamentario Axustado (3-4+5+6).	769.373,04.-

**SEGUNDO:** aprobar o Remanente de Tesourería determinado polas seguintes magnitudes:

A.1.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO-----	1.764.468,50
1. De Orzamento de ingresos. Orzamento corrente -----	380.297,31
2. De Orzamento de ingresos. Orzamento pechado -----	1.334.134,38
3. De Operacións non orzamentarias-----	55.704,87
4. MENOS. Ingresos realizados ptes aplicación definitiva -----	(5.668,06)

A.2.- OBLIGACIONES PENDIENTES DE PAGO-----	1.436.205,89
1. De Orzamento de Gastos. Orzamento corrente -----	845.787,25
2. De Orzamento de Gastos. Orzamento pechado -----	129.107,77
3. De outras Operacións non orzamentadas -----	462.080,39
4. MENOS: Pagos pendentes de aplicación -----	(769,52)
A.3.- FONDOS LÍQUIDOS-----	1.830.264,20
1. En Caixa -----	679,53
2. En Bancos, contas operativas-----	1.036.979,73
3. En Bancos, contas restrinxidas recaud.-----	342.304,92
4. Contas restrinxidas de pago -----	300,02
5. Contas financeiras -----	450.000,00
A.4.- REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL-----	2.158.526,81
A.5.1.- MENOS DEREITOS DE IMPOSIBLE OU DIFÍCIL RECADACIÓN-----	867.030,57
A.5.2.- REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA-----	295.392,57
A.6.- REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS-----	996.103,67

**TERCEIRO:** Da presente Resolución e dos estados de liquidación darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre e remitirase copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, de conformidade co establecido no artigo 193.4 e 5 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais."

**8º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 27 DE MARZO DE 2013, ÁMBOS DOUS INCLUIDOS.** Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e 27 de marzo de 2013.

A Corporación queda sabedora.

**9º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE ABRIL DE 2013, ÁMBOS DOUS INCLUIDOS.** Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e 30 de abril de 2013.

A Corporación queda sabedora.

**10º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sr. Alcalde.-**O punto número dez é rogos e preguntas. Non sei si algún grupo quere formular algún rogo, ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Louzao Vieites do PS de G.-PSOE.-** Ben, e gustaríanos facer algunhas preguntas, na documentación que se nos pasa, como é preceptivo por ser membros desta Corporación, con respecto ás Xuntas de Goberno, na Xunta de Goberno do día 1 de abril de 2013 figura unha relación de facturas aprobadas con un informe con reparos da Intervención, na que se recollen con diferenza de escasos 15 días, dúas facturas ao mesmo proveedor, co mesmo concepto e por similar importe, ámbalas dúas suman 6.461 euros i o asunto que as trae a colación é "soporte de contedores". Gustaríanos saber a que ven, cal é a razón de que existan estas dúas facturas, como dicía, con escasos 15 días de diferenza, cantos soportes supoñen que se compraron con esos 6.400 euros i cales son os criterios de distribución dos mesmos.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois e tomamos nota desa pregunta i entendo que se lle contestará por escrito porque non temos agora os



datos tan en detalle pero se lle contesta, e se lle fará a contestación por escrito.

**Sra. Louzao Vieites do PS de G.-PSOE.-** Ben, e así mesmo, na Xunta de Goberno Local da data 6 de maio de 2013, recentemente figura unha contratación con respecto das Festas do Salmón, unha contratación a unha empresa de Majadahonda, Majadahonda que ultimamente sona moito con respecto ao Caso Gürtell, desafortunadamente nos últimos días, pero bueno unha empresa, como dicíamos, madrileña que se lle contrata por valor de 12.000 euros o gabinete de prensa, o aluguer do dominio da páxina web, o photocall que se fixo na Festa do Salmón, bueno, pois entre as súas funcións estaban tales como facer un seguimento das informacións publicadas na prensa e entregar un dossier final das mesmas ou preparar a convocatoria das roldas de prensa. Gustaríanos saber cal é a razón de que se contrate e de que se invite a ese concurso a empresas foráneas da Estrada posto que temos coñecemento de que na Estrada existen empresas que se dedican a organizar eventos i a que se debe evidentemente esta contratación, como decíamos, a unha empresa externa.

**Sr. Alcalde.-** Bueno, pois se debe a unha decisión deste goberno, de contratar a unha empresa para organizar determinados eventos como se suele facer habitualmente en outro tipo de eventos, i esa empresa descoñezo donde ten o obxecto social pero está formada por persoas estradenses, como sabe vostede, as persoas que forman parte desa empresa son persoas deste Concello que están traballando i que entendemos que fixeron unha proposta interesante para dinamizar a Festa do Salmón, i como outras moitas veces ese tipo de actuacións se contratan a empresas externas que colaboran e axudan na organización de este tipo de eventos, non? Para o seu desenvolvemento e a súa xestión, sobre todo as actividades programadas vinculadas a determinadas actividades festivas.

**Sra. Louzao do PS de G.-PSOE.-** Moi ben, gracias pola súa resposta, entendemos entón agora o por que se subiron nos orzamentos deste ano máis de 12.000 euros na partida do Salmón, entendemos xa para que era.

Gustaríanos tamén facer algún rogo, que é neste caso, pois que se priorice empresas que teñen, xa non só traballadores da Estrada, senón que o seu o seu domicilio social sexa da Estrada e que por tanto contribúen na Estrada. Rogamos tamén, así nos lo trasladan os veciños de San Xurxo, que os encargados do desbroce volten a pasar pola parroquia, porque si ben é certo que co motivo dunha festa se dirixiron á parroquia para desbrozar, dende logo existen partes, aldeas da parroquia, nas que non se fixo ningún desbroce i que polo tanto esta discriminación sentou mal na parroquia.

Así mesmo rogamus que se poñan en contacto coa Deputación i coa Comunidade Autónoma para que procedan a desbrozar a carretera que vai a Santiago, e a carretera autonómica, i a da Diputación que vai a Santeles i que sube ata Matalobos, posto que no cruce, penso que identifican vostedes, o cruce da carretera que vai a Santiago, da autonómica, con Santeles i Matalobos, ese cruce que é perigoso en sí, xa se teñen producido accidentes, incluso con resultado de morte, agora mesmo a visibilidade pois nalgunha saída é nula, por iso lle rogamus que se poñan en contacto cos encargados da conservación da carretera para que procedan a desbrozalo. Gracias.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias señora Louzao, ten a palabra o señor Magariños.

**Sr. Magariños do B.N.G.-** Si, unha serie de rogos, o primeiro que se proceda por parte do Concello ao desbroce das inmediacións do

local social do Outeiro en Guimarei, e detrás, o que está detrás da igrexa, que hai alí unha zona que os tractores non poden acceder, tería que ser un desbroce manual e bueno, é unha zona que neste momento xa ten unha, a maleza xa ten unha certa altura e ante risco de incendios que está cerca das casas que se proceda á súa limpeza. (tose) Vou ter que coller auga e, disculpas.

**Sr. Alcalde.-** Non se preocupe señor Magariños, esperamos a...  
(Hai murmullos por parte do público).

**Sr. Alcalde.-** Ten a palabra, sigue no uso da palabra señor Magariños.

**Sr. Magariños do BNG.-** Decía, como non temos "gintónicos" subvencionados aquí non podemos.  
(Risas e aplausos por parte do público)

**Sr. Alcalde.-** Non chegamos, non chegamos a eso todavía.  
(Aplausos por parte do Público)

**Sr. Magariños do PS de G.-PSOE.-** Bueno que se mellore o sistema de recollida de voluminosos depositados incorrectamente xunto aos contentores de lixo, porque bueno, en todas as zonas da Vila, se observa que a xente deixa o que non corresponde nestos contentores, relacionado con este punto ao mellor sería interesante, porque eu penso que moita desta situación se da porque non se sabe como funciona o horario do punto limpo, que se coloque un horario, un pequeno taboleiro onde figure o horario de funcionamento, do punto limpo, para evitar este tipo de situacións porque despois bota días e días alí estos voluminosos que non se recollen.

Outro punto, e outro rogo, é que se acondicionen os arcéns e cunetas deteriorados pola traída de auga de Guimarei, xa faláramos neste Pleno deste punto e siguen sin acondicionarse. Parece ser que aquí o trato que había coa empresa é que se iba a encargarse o Concello de acondicionar unha vez rematadas estas obras e roga se proceda a súa reparación. E outro rogo, é que se proceda a realizar de xeito inminente os desbroces na rede de pistas do rural, dado o estado lamentable que presentan, non se trata solo de recoller, e recortar dereitos e servizos, tamén hai que recortar toxos, xestas e codesos, e neste caso estos están polas cunetas, os outros afectan aos cidadáns. Outro rogo é que se repare o firme da estrada que une a rúa da Cultura coa rúa N-640 que está nun estado, creo que o alcalde o sabe ben, ultimamente (risas). E despois unha serie de preguntas: e a primeira é, sabe o equipo de Goberno que pasou co Cruceiro do Ouzamerxe en Guimarei?

**Sr. Alcalde.-** Pois non temos e, información sei que algún comentario chegou sobre a desaparición da parte superior dese cruceiro, parece que despois informaron de que estaba depositado, ou que alguén o levara para que non o roubaran porque estaba caído, i está creo que o tema localizado i perfectamente identificado quen o ten, preservando de que pudiera estar tirado no chan e o puideran roubar e incluso deron traslado, a persoa que o ten dou traslado ao Concello de que o ten depositado el, e que no momento en que se contrate ou se poida repoñer, previa autorización de Patrimonio, se repoñerá.

**Sr. Magariños do BNG.-** Hai algo máis de un ano, a escola de Guimarei, onde teñen a súa sede a Biblioteca Xosé Luna e a Asociación de Amigos de Venezuela, sufriu unha serie de asaltos e o alcalde prometeulle, bueno, que se iban a dotar dunhas reixas de seguridade as fiestras do local, e siguen esperando por estas reixas, e pido que se proceda á súa instalación.

**Sr. Alcalde.-** Fai un ano que se sufriron os roubos, non fai un ano que o alcalde se comprometeu a poñer as reixas, pero si, si falamos un día conmigo para ver a posibilidade de que se lle botase unha man para poñer os elementos de seguridade, se lle dixo que sí, i os propios operarios do Concello, na medida das posibilidade i no seu tempo están intentando facelas, unha parte importante creo que xa están feitas porque xa o podemos, estarán, están rematando, facer as últimas xa para facer e proceder á súa colocación.

**Sr. Magariños do BNG.-** Moi ben, a semana pasada, o Parlamento Galego aprobou por unanimidade unha proposición de Lei do BNG destinada a devolución íntegra dos aforros de miles de galegos e galegas, e concretamente 713 no noso Concello, atrapadas na estafa das preferentes e subordinadas. Esta iniciativa contou co apoio do Partido Popular en coherencia co que ven defendendo o noso alcalde, bueno porque é ben sabedor que no noso Concello está afectados 15 millóns de euros, que é moito máis que o presuposto que manexa o noso Concello para este 2013, co cual hai que tomala en serio. Pero, ese mesmo día, por parte, e pola tarde, no Congreso do Estado, os Deputados do Partido Popular votaron en contra dunha moción que tamén presentaba o BNG neste mesmo sentido, e a pregunta é: sabe o señor Alcalde, como membro que é da executiva provincial do Partido Popular, cales foron os motivos polos que os Deputados do Partido Popular votaron en contra desta iniciativa, que vai en contra dos aforros de galegos e galegas, en xeral, e estradenses en particular?

**Sr. Alcalde.-** Sí, eu sei cal foi o motivo polo que os deputados do Parlamento Galego votaron a favor desa iniciativa, é foi o compromiso e a solidariedade que ten o Goberno Galego con intentar solucionar este problema i, de feito, os datos están ahí, é o que máis cerca me chega, e ademáis teño información directa na executiva provincial do partido ou na executiva do comité de dirección galego. Sei que existe sensibilidade i sei que esa votación foi fruto de sensibilidade, o que pasou en Madrid a min quedame bastante lonxe i eu quedome, i eu póño-me do lado dos que votaron en Santiago no Parlamento Galego a favor de este problema.

(voz de fondo, córtase sen poder percibir quen fala nin entender o que di)

**Sr. Magariños do BNG.-** Bueno, como dicía, como membro que é da executiva provincial do Partido Popular, que lle pida responsabilidades a estos deputados que van en contra dos intereses, neste caso, dos estradenses en particular e dos galegos en xeral, porque non se pode nun sitio ter sensibilidade e noutra non. Os que votan son os mesmos, para Madrid e para Santiago.

(voz de fondo pero non se percibe quen fala nin o que di con claridade)

**Sr. Alcalde.-** Mui ben, pois non sei si hai outro rogo ou pregunta, ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Simplemente que nos esquecemos dun pequeno rogo que nos trasladan desde San Andrés e era con respecto ao rogo que tamén facía o grupo do BNG con respecto aos voluminosos que hai xunto aos contenedores en San Andrés, xusto na entrada do cemiterio, fai máis de tres meses que hai un colchón, xusto na entrada, na cancilla de entrada, apoiado ao lado dos contedores, sería ben, que en todos os lados os voluminosos están de máis i hai que retiralos porque, non é o facer público cal é o horario do punto limpo, pois neste caso pola sensibilidade da

ubicación, leva máis de tres meses alí colocado, que se proceda a retiralo.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias pois e... ten a palabra o señor Magariños.

**Sr. Magariños do BNG.-** Unha pregunta, a última. Fai uns días, o señor alcalde e o presidente da Diputación de Pontevedra supervisaron as obras que unen Portela - Souto de Vea, i a pregunta é si supervisaron tamén o asfaltado de máis de 30 metros lineais que, dentro da propiedade privada dun ex-concelleiro do Partido Popular de Souto de Vea, fixo a empresa encargada de executar esta obra ou, en todo caso, si o goberno sabe si ten algo que ver... coa empresa.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois como ben sabes si fixemos un seguimento e non solo o outro día, senón que estuvemos bastante pendientes desa obra, que eu creo que é unha obra importante para A Estrada, i ademáis é unha obra prometida i comprometida durante moitísimos anos i que ao final, tuvemos a suerte de poder executala neste ano, no momento máis complexo, pero ahí está a execución i eu creo que é unha obra importante i que, i que desde logo vai a dar unha mellora sustancial tanto nas parroquias, fundamentalmente en San Andrés e en San Xurxo Vea, e en toda a zona do Val de Vea; i a partir de ahí, sabe vostede que todas as obras complementarias que se fixeron a esa estrada, todas ben feitas pola empresa adjudicataria, ou ben feitas por outras empresas, foron asumidas polos propietarios particulares, falamos de reposicións de peches, falamos de muros de contención, que se fixeron tamén ao longo desa estrada, falamos de melloras de accesos a algunha vivenda, todas esas obras se fixeron, i algunhas as fixo a propia empresa i outras as fixeron empresas da zona, da zona de Vea, se fixeron con cargo ao peculio particular de cada propietario, donde aproveitando a execución desa obra, i sabendo ademáis que previsiblemente ou posiblemente esa estrada pase a ser de titularidade autonómica pretendían aproveitar a presenza do vixiante da propia Diputación para axilizar a solución de determinados problemas que podían ir xurdindo. De feito, eu teño que dicir publicamente i agradecer que, neste caso, así como outras veces era un problema importante as afeccións a propiedades privadas ou a reposición de servicios que se facían nese tipo de obras i supoñían un incremento de coste importante para a obra, neste caso concreto, todos i cada un dos veciños, todas i cada unha das obras complementarias que se fixeron a esa obra, foron asumidas polos propietarios das vivendas que están ao carón desa estrada i eso me satisfai, unha porque supón un esforzo por parte de todos i unha colaboración importante, i outra porque é un cambio de mentalidade tamén importante á hora de poder executar unhas obras, que lle podo garantir i vostede o sabe, que unha parte importante desas obras ao final se quedaban curtas na súa execución, por esas reposicións que saían na propia execución i que despois complicaban bastante a súa finalización.

Ningunha intervención máis? Pois antes de dar por pechado este pleno, como saben vostedes hai unha parte de participación pública na que, as persoas que o estimen oportuno, poidan facer algún tipo de rogo ou pregunta a este Pleno. Si son tan amables, antes de proceder a falar teñen que identificarse co DNI para poder intervir, i a partir de ahí están no uso da palabra para poder facer a súa intervención. Se lle aportará tamén un micrófono para que poidan. (voz de fondo) Si, si un segundiño, agora, agora acaban de tomar conta dos datos i está vostede, Don Miguel, no uso da palabra.

**Sr. Don Miguel Gómez Ulla.-** Moi ben, en representación da plataforma de preferentes e subordinadas da Estrada, queríamos trasladarlle a este Pleno, en especial ao señor alcalde, as nosas inquiredanzas, as nosas queixas e os nosos intentos de petición para

poder solucionar este problema. Señor alcalde, fai tres meses que nos achegamos a este Pleno para pedirlle apoio por primeira vez, naquel entón, vostede mostrounos a súa comprensión coa nosa situación e comprometeuse a axudarnos en todo o que lle fora posible. Nun principio sentímonos razoablemente satisfeitos, creouse unha Comisión, formada polos tres grupos políticos e por tres representantes da plataforma; tivemos unha primeira reunión onde chegamos a algúns puntos de encontro e quedamos en continuar reuníndonos asiduamente para tratar de buscar, dentro do posible, solución a esta estafa. Pero a partires dese momento, vostede saberá por que, non se convocaron mais reunións, pasando a ter vostede unha comunicación moi fluida exclusivamente co noso anterior portavoz, deixando a un lado ao resto da plataforma. Señor Alcalde, pedímoslle que, a partires de agora, os contactos sean, os contactos ca plataforma sexan exclusivamente a través de esa Comisión formada e nunca cunha sola persona, ninguén nesta plataforma representa individualmente á mesma, somos un grupo unido por unha mesma causa e así actuaremos. Señor alcalde, dende a plataforma temos para vostede un reproche e unha petición, comenzaremos polo primeiro. Parecenos inaceptable que equipare os nosos berros e apufos cos métodos da Kale Borroka, onde están as agresións? Onde os destrozos? (Aplausos por parte do público) Estamos moi orgullosos, en ano e medio de mobilizacións, nin unha sola agresión, nin un solo cristal roto, ¿por que tanto interese en querer mostrarnos ante a opinión pública como radicais?, e non se olvide que as plataformas actuamos todas coordinadas, se insulta a unha, insultanos a todas. E, por último, queremos facerlle unha petición, se de verdade, se de verdade quere axudarnos, actúe con valentía, non se plegue exclusivamente ás ordes do seu partido; si de verdade quere, vostede pode facer moito, como Alcalde da Estrada, como Deputado Provincial e como Secretario de Acción Municipal da Provincia de Pontevedra. Fale cos alcaldes, sume forzas e acuda a donde teñan que ir, ao Ministerio de Economía, á Presidencia do Goberno, ahí é donde está a solución. Nestes mesmos instantes, esta proposta estalle a ser trasladada aos alcaldes de Cuntis, Caldas, Portas, Moraña e Barro; loiten xuntos desde as diputacións, desde a Federación Gallega de Municipios a Provincias e non permitan este roubo. Señor alcalde, desde a plataforma da Estrada pedímoslle que vostede lidere esta proposta, non permitan que unha vez máis se espolie a Galla, non permita que se roube aos galegos uns aforros que tanto traballo, tanto sudor e tantas privacións nos custaron conseguír.

(Aplausos por parte do público)

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois tomamos nota de ese rogo efectuado pola Plataforma de Afectados por Preferentes e seguiremos traballando para intentar estar á altura das circunstancias en un tema que, que nos preocupa a todos i que creo que nos mantivo unidos a todos ata o de agora i que creo que así seguirá sendo. Algunha outra cuestión? Pois si non hai ningún outro asunto, moitas gracias e moi boa noite a todos e levantamos a sesión.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte unha horas e quince minutos.

A Estrada, 6 de xuño de 2013  
A SECRETARIA EN FUNCIONS,

SECRETARIA

Asdo.: M<sup>a</sup> Jesusa Fernández Bascuas

